

PERIODO DE DECADENCIA. SÉCULOS XVI-XVIII. OS SÉCULOS ESCUROS.

Durante boa parte da Idade Media, o galego era a lingua habitual dos galegos, coa excepción dalgunhas parcelas reservadas ao latín. Pero esta situación vai mudar porque Galicia queda integrada na monarquía castelá, sen corte propia que potenciase o uso do galego.

1. CAUSAS

A) Substitución da nobreza galega por outra foránea:

- No século XIV produciuse a **1ª loita dinástica pola coroa de Castela** entre Pedro I e Henrique II de Trastámara. A nobreza galega apoiou a Pedro I. Gaña a contenda Henrique de Trastámara e substitúe a parte da nobreza galega por nobreza foránea que o apoiara.

- **A 2ª guerra dinástica** (século XV) pola coroa de Castela prodúcese tras a morte do rei Henrique IV de Castela, entre a súa filla Dna. Xoana, herdeira lexítima do trono, e Dna. Isabel, irmá do rei, que acusa a Xoana de ser filla ilexítima, froito da unión ilícita entre a raíña e un nobre da corte chamado D. Beltrán (de aí o sobrenome de “ a Beltranexa”
 - ✓ O bando isabelino é apoiado por unha grande parte da nobreza castelá laica e eclesiástica encabezada polo arcebispo de Toledo e apoiada pola coroa de Aragón.
 - ✓ O bando de Dna. Xoana, casada co rei de Portugal, é apoiado por Portugal e a meirande parte da nobreza laica galega, encabezada.

A vitoria de Isabel a Católica tivo como consecuencia para Galicia a **morte e desterro de gran parte da nobreza galega e o seu relevo por unha clase dirixente foránea procedente de Castela** que se instala en Galicia co seu séquito de administradores e escribáns, impermeables e mesmo hostís á lingua e cultura galegas. É deste xeito que irrompe no noso país un idioma alleo, o castelán, asociado ao poder, co que se inicia un proceso desgaleguizador ao tempo que se intensifica a política centralista levada a cabo polos Reis Católicos e que supuxo a implantación dunha nova orde político-social, que atopará unha forte resistencia entre a nobreza galega. Este proceso de asimilación á Coroa de Castela foi denominado polo cronista oficial dos RRCC como “ la doma y castración del Reino de Galicia”.

B) Inexistencia dunha forte burguesía autóctona comercial e artesanal que defendese os seus intereses económicos e políticos, desmantelada no último grande intento de loita contra o poder nobiliario, **as Guerras Irmandiñas da segunda metade do s. XV.**

2. CONSECUENCIAS

- a) Xorde unha situación **diglósica** : o castelán, lingua descoñecida pola maioría da poboación, é o idioma das elites, da escritura e da cultura; o galego, coñecido e utilizado oralmente pola maioría, queda excluído dos ámbitos administrativos, do poder e da cultura.
- b) Non se elaborou un patrón lingüístico culto. As linguas romances van fixar os seus modelos cultos e literarios. O galego queda relegado á oralidade, non elabora ese modelo culto ata o século XX (1982).
- c) O galego non desenvolveu un léxico específico para determinados ámbitos (científico, xurídico, técnico, etc...) por non estar presente neles. A maior parte do léxico relaciónase coa vida cotiá, cos ámbitos rurais ou mariñeiros.
- d) Introducción de castelanismos e castelanización de antropónimos e topónimos.
- e) Desprestixio social ao deixar de asumir o galego funcións de prestixio e cultura, e percibirse como un idioma ligado ás clases baixas.